



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: adeqa@adeqa.gal

Páxina electrónica: www.adeqa.gal

DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, DI XXXXXXXX-X, membro da secretaría técnica de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-15044811, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta ao borrador do anteproxecto de Lei de Pesca Continental de Galiza as seguintes,

ALEGACIÓNS

ALEGACIÓN 1. Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación: Neste artigo propoñemos incorporar entre os obxectos da lei referenzas á conservación e mellora da biota ribeirá e ao seu interese público, de xeito que ficaría redactado como segue (engadidos en negro):

*“O obxecto desta lei é regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental, **a defensa, conservación e mellora dos hábitats e as especies ribeiráns** e o ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas en todos os cursos e masas de auga continentais situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galiza. **Considérase de interese público o aproveitamento sustentábel da pesca e a conservación dos ecosistemas acuáticos continentais**”.*

ALEGACIÓN 2. Artigo 4. Definicións: Propoñemos recoller neste apartado unha definición xenérica da pesca consonte os principios desta lei, alén da definición do concepto “pescar” (xa recollida no punto 40), que non fai referencia aos anteditos principios e somentes incorpora unha definición léxica. A numeración das definicións mudaríase a partir da 32.

“32. Pesca: Aproveitamento dos recursos piscícolas, sexan estes peixes ou outros seres acuáticos declarados pescábeis, que se desenvolve mediante a acción de pescar. A pesca e a xestión dos recursos piscícolas realizarase de xeito ordenado e compatíbel coa conservación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos e atendendo á sustentabilidade dos recursos naturais.”

ALEGACIÓN 3. Artigo 9. Formación en materia de pesca continental:

Punto 1, segundo parágrafo: Dise “...*formación aos pescadores noveles...*”. Propoñemos unha nova redación deste parágrafo e a revisión xeral de todo o texto para garantir o uso de expresións inclusivas. Ex.: “...*formación aos pescadores e ás pescadoras noveles...*”.

Punto 3, segundo parágrafo: A respecto da non disposición de licenzas para a práctica da pesca nas “escolas de río”, propoñemos clarexar a natureza desta exención para as persoas participantes nestes programas”. O parágrafo ficaría como segue (modificacións en negra):

“As escolas de río poderán dispoñer de masas de auga de uso exclusivo para o desenvolvemento dos seus programas formativos, e as persoas participantes nestes programas non precisarán de licenza de pesca continental durante o seu desenvolvemento”.

ALEGACIÓN 4. Artigo 12. Actuacións vinculadas ao turismo. Punto 1, primeiro parágrafo:

Propoñemos a substitución do termo “empresa” por “entidade”, e a distinción entre masas de auga artificialmente encoradas, susceptíbeis de aproveitamento “turístico”, e lagoas naturais (non susceptíbeis), alén de referir as responsabilidades da concesionaria ao establecido regulamentariamente, para non invadir competencias exclusivas da administración.

*“1. A Consellaría competente en materia de pesca continental, co fin de fomentar o turismo, poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas **en masas de auga artificialmente encoradas a entidades cuxas obrigas determinaranse regulamentariamente.**”*

ALEGACIÓN 5. Artigo 13. Actuacións en materia hidráulica:

Puntos 1 e 2: Propoñemos a reformulación destes dous puntos para estender o carácter determinante (ademais do preceitivo) a todas as actuacións hidráulicas que poidan afectar ás especies piscícolas e aos ecosistemas fluviais, e non só ao baleirado ou anulación dunha masa de auga. Deste xeito o primeiro punto do artigo 13 ficaría redactado como segue (engádegas en negra):

“1. Requerirase informe preceptivo e determinante en materia de pesca continental para o outorgamento de autorizacións ou concesións pola Administración hidráulica competente que poidan afectar ás especies piscícolas e ao ecosistema fluvial.”

A respecto das reixas e outros dispositivos de prevención, propoñemos manter a referencia no punto 2, engadindo ademais disposicións sobre os sistemas de remonte e permeabilización de obstáculos para as especies migradoras, ausentes do borrador mais presentes na norma de 1992. Este punto 2 ficaría pois redactado como segue (engádedas en negra).

“2. Os titulares das autorizacións ou concesións de aproveitamento de dominio público hidráulico que supoñan o mantemento de barreiras infranqueábeis para as especies migradoras deberán instalar dispositivos de franqueo eficaces para permitir a estas especies completar o seu ciclo biolóxico.”

Asemade os anteditos titulares deberán instalar reixas ou outros dispositivos de protección que impidan o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega.

Punto 4: No que atinxe aos vertidos, propoñemos incluír tamén referenzas ao aproveitamento agrícola das terras veciñas ás canles e ao uso de fertilizantes e agroquímicos en tarefas agrícolas, pola súa afección aos ecosistemas fluviais e á fauna piscícola. O parágrafo engadido fica como segue:

“Prohíbese a utilización de calquera tipo de purín así como de produtos fitosanitarios dentro da zona de servidume e policía de augas.”

Neste mesmo artigo 13, propoñemos a inclusión dun novo punto referente ás actividades forestais nas zonas de servidume e policía de augas:

“X. Requerirase informe preceptivo e determinante por parte da Consellaría competente en materia de pesca continental para as autorizacións de plantacións e reforestacións en zona de servidume e policía de augas.”

ALEGACIÓN 6. Artigo 20. Licenza de pesca continental:

Punto 3. En coerenza coa alegación 12 propoñemos a supresión do segundo parágrafo do punto 3, relativo á exención de licenzas de pesca continental en determinados establecementos.

ALEGACIÓN 7. Artigo 24. Permisos de pesca:

Punto 5. Propoñemos suprimir a expresión “Con carácter xeral”, nas condicións para a adxudicación dos permisos de pesca xa que entendemos que os principios aplicábeis ao conxunto

da cidadanía non poden ser obxecto de excepción, pois causarían discriminación. Este punto ficaría pois coa seguinte redacción:

“A adxudicación dos permisos de pesca efectuarase baseándose nos principios de igualdade de oportunidades e tras a adecuada publicidade da oferta dispoñible e do procedemento de solicitude e adxudicación”.

ALEGACIÓN 8. Artigo 31. Convenios:

Punto 2. Propoñemos a supresión do parágrafo referido ás responsabilidades das entidades conveniadas, por canto as citadas neste parágrafo (coidado, conservación, promoción e xestión) a respecto dos bens públicos, corresponden á administración. Entendemos ademais que as obrigas destas entidades deberían estar convintemente especificadas no texto dos respetivos convenios.

ALEGACIÓN 9. Artigo 34. Especies exóticas invasoras:

Trátase de clarificar o compromiso da Administración competente en materia de pesca coa erradicación destas especies das masas de auga continentais. En consecuencia, propoñemos modificar a redacción do punto 2 deste artigo, que fica como segue (engádegas en negra):

“2. A Consellaría competente en materia de pesca continental promoverá a erradicación das especies exóticas invasoras das augas continentais galegas, podendo adoptar medidas de xestión específicas para facilitar o seu control e no seu caso a súa captura.”

ALEGACIÓN 10. Artigo 38. Disposicións xerais:

Punto 3. Propoñemos engadir un parágrafo neste punto, referente á sinalizacións das masas de auga:

“Prohíbese a colocación de sinais na vexetación arbustiva e arbórea nas zonas de policía, servidume e dominio público hidráulico. Asemade esta vexetación tampouco poderá servir como soporte ou titora de peches, e na zona de servidume exclúese o uso de arame de espiño.”

ALEGACIÓN 11. Artigo 41. Augas sometidas a réxime especial:

Punto 2. En coerenza coa alegación 12 propoñemos a supresión do apartado d) do punto 2, relativo ás augas de pesca de aproveitamento privado.

ALEGACIÓN 12. Artigo 48. Augas de pesca de aproveitamento privado:

Propoñemos a supresión deste artigo, por canto pode entenderse como unha enaxenación de recursos públicos e unha cesión de dereitos (máis aló do uso concesional) cuxa tutela corresponde exclusivamente á administración.

Preténdese esixir aos titulares destes aproveitamentos, através dun plano (punto 2), medidas para impedir a comunicación cos leitos naturais (para, por exemplo, impedir a transmisión de parasitos ou enfermidades) o que dende o punto de vista ecolóxico resulta inviábel, e pode poñer en risco o equilibrio doutros espazos fluviais.

Por outra banda, exímese da necesidade de que os e as usuarias destes aproveitamentos privados contén coa preceitativa licenza de pesca continental, esixíbel ao resto da cidadanía para a práctica da pesca no dominio público (coas salvedades do artigo 20), o que supón unha clara discriminación e unha vulneración do principio de igualdade de oportunidades.

ALEGACIÓN 13. Título IV. Capítulo I. Conservación da poboación piscícola:

Propoñemos a modificación do nome deste capítulo que pasaría a denominarse:

“CAPÍTULO I

Protección e mellora do hábitat fluvial e conservación da poboación piscícola”

ALEGACIÓN 14. Artigo 62. Desovadoiros:

Propoñemos introducir un novo punto 1, mantendo e consecuentemente renumerando os outros dous puntos cos que conta este artigo.

“1. A Consellaría competente en materia de pesca continental realizará un inventario e procederá á delimitación e sinalización dos desovadoiros, para a súa protección e conservación.”

ALEGACIÓN 15. Novo artigo relativo á xestión das plantacións, a vexetación e o bosque de ribeira:

Dentro do Capítulo I do Título IV, que propuxemos denominar *“Protección e mellora do hábitat fluvial e conservación da poboación piscícola”* (alegación 13), propoñemos a inclusión dun novo artigo relativo ao mantemento e conservación dos bosques de ribeira, claves para o bo estado da fauna piscícola e da biota das masas de auga:

“Artigo 63. Conservación da vexetación autóctona en zonas de servidume e policía de augas e aumento da resiliencia climática das marxes.

1. Declárase de interese xeral a conservación das formacións vexetais ripícolas así como como as accións de recuperación e mellora da coberteira arbórea, arbustiva e herbácea das marxes de ríos e lagos.

2. Coa fin de garantir a naturalidade destas formacións e o mantemento dos seus servizos ecosistémicos, prohibense as plantacións e reforestacións nas zonas de servidume e policía, así como no solo rústico de protección de augas, con especies distintas das recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

ALEGACIÓN 16. Novo artigo relativo á permeabilización das barreiras nas canles fluviais:

Artigo 64: Permeabilización de barreiras

1. A consellaría competente en materia de pesca fluvial promoverá a permeabilización dos azudes, tostas ou barreiras que poidan interferir nas migracións da fauna ictícola.

2. As actuacións de eliminación total ou parcial destas barreiras levaranse a cabo baixo un plan de prescricións técnicas en cada caso.

Por todo o exposto, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) **SOLICITA** que se teñan en conta as presentes alegacións na redacción da nova Lei de Pesca Continental de Galiza.

Asemade, e consonte ao disposto na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, e á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, solicitamos coñecer a valoración que a administración fai destas alegacións.

Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo. Fins Eirexas, secretaría técnica de ADEGA

**DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**